

AVELINO GONZÁLEZ

presenta



CHISTES QUE FORON CONTOS



Moitos chistes cos que hoxe rimos son unha adaptación de contos vellos.

De curas, ricos, políticos, ... que hoxe mudaron as formas pero non os contidos nin o fondo: Rir.

Nomeadamente de quen manda.

É algo así como se dixeramos “se non podes desobedecer, cando menos ri del”

Ademais, os contos, os chistes, non teñen máis fronteira que o sentido do humor de cada un. Por isto hai contos que se contan moi, moi semellantes en distintos países.

É como se a globalización económica chegase despois da globalización do humor.

Así hai contos que coñecemos como moi galegos, que se contan hoxendía na China ou no Vietnam.



Características técnicas:

Adaptación a calquera espazo escénico, previa comunicación das características do mesmo.

Uso preferente do equipo de luz e son do que dispoña o espazo.

Levo sempre equipo de son e micrófono de diadema.

Toma de corrente para equipo de son a 220v.

O espectáculo é apto para espazos de aire libre

**CHISTES QUE
FORON CONTOS**



Sempre conto cun ollo posto no local, na tradición e na actualidade, e intento incorporar historias do sitio onde se faga a actuación.

As historias conviven con nós. A tradición é unha peneira que non deixa de peneirar, neste caso contos. E os que chegaron ós nosos días, chegaron porque son bos, porque teñen sentido, e porque cumpren ca función para o que foron creados pola xente, descoñecida pero con nome, que os creou e os contou. Para rir e facer rir.

**CHISTES QUE
FORON CONTOS**